



Orzamento de Gastos 2019

UNIDADE XESTORA:	SERVIZO DE COMUNICACION		
DESCRIPCIÓN EXPEDIENTE:	APROBACIÓN DOS PREGOS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENERICA DA DEPUTACIÓN PROV, DE LUGO, con duración ata o 31 de decembro de 2019		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA:	9200.22602	DOCUMENTO CONTABLE:	A.: 92019/28
IMPORTE:	120.395,00€		
ÓRGANO COMPETENTE:	XUNTA DE GOBERNO		

Extremos Comprobados

Con carácter xeral:	
<input checked="" type="checkbox"/>	Existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigación que se propón contraer. Enténdese que o crédito é adecuado cando financie obrigacións a contraer ou nadas e non prescritas a cargo da Tesourería da Entidade, cumprindo os requisitos dos artigos 172 e 176 do TRLRFL
<input type="checkbox"/>	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiación afectada, os recursos que os financian son executivos, acreditándoos coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade
<input type="checkbox"/>	Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de tramitación anticipada comprobarase, ademais, que se cumpre o disposto na base 18 de Execución do Orzamento
<input type="checkbox"/>	Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, que se cumpren os requisitos do artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL e o disposto na Base 19 de Execución do Orzamento
<input checked="" type="checkbox"/>	Aos efectos do disposto na DA 3ª.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, LCSP, considérase que a proposta cumpre os requisitos do artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, en tanto non existe informe que poña de manifesto un incumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira
<input checked="" type="checkbox"/>	Que os gastos ou obrigacións propóñense ao órgano competente para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación. Comprobarase, en todo caso, a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención cando o dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate
<input checked="" type="checkbox"/>	Existe informe-proposta do xefe da dependencia ou órgano xestor
<input type="checkbox"/>	Que os expedientes de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente
<input type="checkbox"/>	Que nos expedientes de recoñecemento de obrigacións: Que os mesmos responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento deba facerse simultaneamente. Que os documentos xustificativos do recoñecemento da obrigación axústense á norma de aplicación e identifican ao acreedor, o importe e a prestación ou outra causa do recoñecemento.
<input type="checkbox"/>	No caso de que haxa designación de Interventor/a para a comprobación material dun investimento, que se produciu a intervención da citada comprobación material do investimento e o seu carácter favorable, sen prexuízo do disposto en distintos puntos do Acordo do Consello de Ministros, nos casos en que resulte de aplicación o segundo parágrafo do artigo 198.2 da Lei de Contratos do Sector Público e non chegase o momento de efectuar a correspondente comprobación material do investimento.
<input checked="" type="checkbox"/>	Extremos adicionais, segundo acordo plenario: VER ANEXO I.

Resultado da Fiscalización/Intervención

<input checked="" type="checkbox"/>	CONFORMIDADE
<input type="checkbox"/>	CONFORMIDADE, CON OBSERVACIÓNS E/OU ACCIÓNS COMPLEMENTARIAS SEGUNDO O ART. 219.2 DO TRLRFL E O ART. 14.2 DO RD 424/2017. VER ANEXO II
<input type="checkbox"/>	CON REPAROS (VER ANEXO III). DE NON SUBSANARSE OS MESMOS POLO ÓRGANO XESTOR, PROCEDERÁ AUTOMATICAMENTE SEGUNDO O ART. 217 DO TRLRFL E OS ART. 14.1 E 15 DO RD 424/2017
<input type="checkbox"/>	Sen efectos suspensivos
<input type="checkbox"/>	Con efectos suspensivos

En Lugo, a 18 de xaneiro de 2019
A INTERVENTORA,

A intervención plena posterior levarase a cabo no marco das actuacións de control financeiro permanente regulados no título III do RD 424/2017, deberá realizala a Intervención nos catro primeiros meses do exercicio seguinte a aquel no que se produciron os ingresos e gastos obxecto da fiscalización limitada previa, utilizando para este efecto os procedementos que xulgue oportunos, en función da carga de traballo existente e dos medios persoais e materiais dispoñibles de acordo coas normas técnicas de control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado.



ANEXO I
Extremos Comprobados

SERVIZOS EN XERAL. Expediente inicial: Aprobación do gasto:	
<input checked="" type="checkbox"/>	Que existe orde de iniciación do procedemento motivando a necesidade do contrato.
<input checked="" type="checkbox"/>	Informe de necesidade do Servizo que promove a contratación.
<input checked="" type="checkbox"/>	Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descritivo, informado pola Secretaría Xeral.
<input checked="" type="checkbox"/>	Que existe prego de prescricións técnicas do servizo ou, no seu caso, documento descritivo.
<input type="checkbox"/>	Cando se utilice modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato para celebrar é de natureza análoga ao informado pola Secretaría xeral.
<input checked="" type="checkbox"/>	Que se xustifica no expediente a carencia de medios suficientes para a prestación do servizo pola propia Administración polos seus propios medios.
<input checked="" type="checkbox"/>	Que o obxecto do contrato está perfectamente definido, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigacións por parte do contratista.
<input checked="" type="checkbox"/>	Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único criterio, este estea relacionado cos custos, de acordo co artigo 146.1 da Lei de Contratos do Sector Público; se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adjudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan con arranxo a criterios económicos e cualitativos. Nos casos en que o procedemento de adjudicación proposto sexa o do diálogo competitivo verificarase así mesmo que na selección da mellor oferta se toma en consideración máis dun criterio de adjudicación en base á mellor relación calidade-prezo.
<input type="checkbox"/>	Cando se preveza a utilización de varios criterios de adjudicación ou dun único criterio distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.
<input type="checkbox"/>	Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo prevé, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre ou arquivo electrónico independente do resto da proposición.
<input checked="" type="checkbox"/>	Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece polo menos una das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da Lei de Contratos do Sector Público e a obrigaón do adjudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio colectivo sectorial de aplicación.
<input type="checkbox"/>	Cando se propoña como procedemento de adjudicación o procedemento aberto simplificado, comprobar que se cumpren as condicións previstas no artigo 159.1 da Lei de Contratos do Sector Público. No caso de que este procedemento se tramite segundo o previsto no artigo 159.6 da devandita Lei, verificarase que non se supera o valor estimado fixado no devandito apartado e que entre os criterios de adjudicación non hai ningún avaliable mediante xuízos de valor.
<input type="checkbox"/>	Cando se propoña como procedemento de adjudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da Lei de Contratos do Sector Público para utilizar o devandito procedemento.
<input checked="" type="checkbox"/>	Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo se axusta ao previsto na Lei de Contratos do Sector Público.
<input type="checkbox"/>	Cando se propoña como procedemento de adjudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da Lei de Contratos do Sector Público; e no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descritivo se fixa a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.
<input type="checkbox"/>	Cando se preveza no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, verificar que a porcentaxe prevista non é superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
<input type="checkbox"/>	Cando se preveza no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adjudicación a que se refire a mesma se baseen en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.
<input checked="" type="checkbox"/>	Comprobar a forma de pagamento proposta e o cumprimento das condicións requiridas para os pagamentos "a conta", se é o caso.

INFORME DE INTERVENCION

Orzamento de Gastos:	2019	Tipo:	EXPEDIENTE DE FISCALIZACION CONFORME ▼
COD.DOCUMENTO	225	UNIDADE XESTORA	SERVIZO DE COMUNICACIÓN ▼
	Fecha de firma	18/01/2019	
DESCRIPCIÓN EXPEDIENTE	APROBACIÓN DOS PREGOS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENERICA DA DEPUTACIÓN PROV, DE LUGO, con duración ata o 31 de decembro de 2019		